


O NOSO SAMAÍN

LORETTA BIROTT BERMEJO

Ilustración de

NURIA VALDEÓN BALSAS




EDITORIAL GALAXIA


Benvidos a unha das noites máis especiais do ano.
Imos coñecer o Samaín, unha festa chea de maxia,
onde case todo pode acontecer.

Viaxaremos pola súa historia, coñeceremos a súa
orixe e viviremos esta festa como sempre se fixo aquí,
na nosa terra.

Boa viaxe!






An illustration of a large tree with vibrant autumn foliage in shades of orange, yellow, and red. The tree's trunk is thick and textured. In the foreground, two jack-o'-lanterns are carved with various faces, including one with a wide, toothy grin and another with a more menacing expression. The background shows a clear blue sky and a building with a window. The overall style is soft and painterly.

Hoxe, na clase de Antón, van ter unha xornada moi especial. Mañá é o día de Todos os Santos e a súa mestra, Nilda, ten preparada unha sorpresa para os seus alumnos.

Os nenos están a se sentar no patio ao redor dela, que lles vai contar moitas historias sobre o Samaín, a nosa festa de Defuntos.



An illustration of an autumn scene. A large tree with vibrant orange and yellow leaves dominates the upper half. In the foreground, two carved jack-o'-lanterns with glowing faces are positioned on the right. To the left, a large, white, uncarved pumpkin sits on the ground. The background shows a blue sky and a building with windows on the right. The overall style is soft and painterly.

Cos nenos xa acomodados,
Nilda comeza a explicarlles
a orixe do Samaín.



O noso Samaín provén dos nosos antepasados celtas.
Os pobos celtas dominaron a maior parte do oeste e o
centro de Europa durante o primeiro milenio antes de
Cristo.








Eran uns pobos moi afoutos e guerreiros, que, coa chegada desta noite máxica, celebraban unha gran festa para conmemorar o final da colleita e do verán, e dar a benvida ao Novo Ano Celta.

Era tempo de gardar provisións para o inverno. Os días ían ser máis curtos e as noites máis longas.



E ,precisamente esta noite, os celtas pensaban que as portas do Alén se abrían, e que as almas dos mortos volvían para visitaren as súas familias.







Tiñan o costume de facer farois con nabos e carbón quente para guiar os espíritos bos de volta á casa e espantar os malos, xa que estes farois lles outorgaban un certo poder de protección.

Tamén lles deixaban víveres e doces fóra da casa para que comesen algo despois da longa viaxe.



Esta noite non era recomendábel abrir a porta
a ninguén, xa que trasnos e fadas vagaban a doután
polos bosques e as aldeas.









Se petaban na porta e era unha
fada terías un ano de moita fortuna,

porén, se abrías e era un trasno, a desgraza
caería sobre o teu fogar durante todo o ano.





Aquí, no noso Samaín, antes de que se trouxese a cabaza de América, tamén adoitabamos baleirar nabos para facermos farois.

Cada lugar tiña unha tradición de seu.

En Xermade, estes farois facíanos coa remolacha, e chamábanse *Bonecas*.

Nas Rías Baixas, Portonovo, Sanxenxo e Cangas do Morrazo, chámanse *Calacús*. Adornaban as cabazas coas espigas do maínzo, coma se tivesen cabelo, mais non lle puñan luz.

Pola zona de Cedeira chámalles *Caliveras* de melón, que é como lle din ás cabazas que aínda non están maduras e teñen unha cor verdosa.




Nas nosas aldeas existe a crenza popular de que cando os espíritos dos nosos seres queridos regresaban ao mundo dos vivos esa noite, traían moito frío do Alén. Por mor diso acendíanlles a lareira, para se quentaren a rentes do lume na súa compañía.






Hoxe en día esta festividade é mais coñecida pola Noite de Halloween, mais que ten a súa orixe no Samaín.

Co auxe da relixión cristiá, esta antiga festa celta comezou a chamarse o Día de Todos os Santos, que é como a coñecemos actualmente, e que en inglés se di *All Hollow's Eve*, que fnalmente derivou no mundialmente coñecido Halloween.





Aquí, na nosa terra, antigamente
contaban unha bonita lenda.
Pensábase que cando alguén estalaba
a casca dunha castaña, liberábase
unha ánima do purgatorio.





Con este conto, Nilda remata a súa historia do noso Samaín.

Os nenos están encantados, e xa están listos para ir apañar as castañas, coma xa fixeran o ano pasado.

Antón vainas asar na lareira da súa casa e comerá unha morea delas, pero, do que máis gusta, é de estar coa súa familia á calor do lume.

Antón e a súa compañeira Zoe levan xuntos unha gran cesta, e os dous, moi larpeiros eles, xa están a pensar no banquete que os agarda.

